



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CPI ANTONIO ORZA COUTO

CURSO: 3º PRIMARIA

DATA: 11 - 5 - 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p align="center">CIENCIAS SOCIAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona. ➤ Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte. 	<p align="center">CIENCIAS SOCIAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Diferencia entre materias primas e produtos elaborados. ➤ Diferenciar os sectores produtivos e económicos da zona. ➤ Distinguir entre norma e lei. ➤ Como respetar as normas de convivencia. ➤ Normas sinxelas de circulación.
<p align="center">CIENCIAS NATURAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar información en fontes variadas. ➤ Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio. Comunicar de xeito escrito os resultados, empregando soportes textuais variados. 	<p align="center">CIENCIAS NATURAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Clasifica animais vertebrados e invertebrados. ➤ Recoñece as características das plantas. ➤ Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica.
<p align="center">LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía. 	<p align="center">LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais dun texto. ➤ Iníciase na utilización do dicionario.

- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.
 - Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.
 - Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.
 - Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.
 - Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
 - Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
 - Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.
 - Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.
 - Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.
 - Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.
 - Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
- Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos.
 - Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
 - Reproduce textos ditados sinxelos.
 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza.
 - Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas.
 - Utiliza con corrección os tempos verbais.
 - Diferencia familias de palabras.
 - Utiliza as normas ortográficas básicas.
 - Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.
 - Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos.
 - Distingue suxeito e predicado.
 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número.
 - Aplica, con axuda, as normas de acentuación.
 - Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas).

- Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

- Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).
- Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.
- Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.
- Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
- Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.
- Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
- Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
- Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.
- Usar o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado.
- Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

- Identifica as ideas principais dun texto sinxelo.
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
- Emprega o dicionario, de xeito guiado.
- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións.
- Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto.
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación.
- Elabora, en diferentes soportes, textos.
- Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos).
- Resume brevemente o contido de textos sinxelos.
- Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas.
- Recoñece nun texto, enunciados, palabras e sílabas.
- Identifica as formas verbais.
- Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica.
- Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- Utiliza as normas ortográficas básicas.
- Emprega os signos de puntuación.
- Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.

MATEMÁTICAS

- Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.
- Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos).
- Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos.
- Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos.
- Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos.
- Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
- Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

MATEMÁTICAS

- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).
- Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.

2. Avaliación e cualificación	
AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <p>Durante este tercer trimestre lévarase a cabo unha avaliación continua dos progresos dos alumnos. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, ampliación das aprendizaxes so contarán de forma positiva en beneficio do alumnado.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>En relación co traballo do alumno, aplicarase e exixirase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As tarefas terán que ter unha presentación correcta, atractiva, e limpa dos escritos e traballos. Nos cadernos e nas fichas aplicaranse as normas que o titor lles explicou ao principio de curso para todas as materias. • Unha progresiva corrección ortográfica, para a que serán importantes instrumentos: ditados, redaccións.. • Un esforzo especial por non cambiar de lingua cando se está expoñendo, disertando, dialogando ou simplemente traballando nun idioma concreto. • Non serán avaliadas ningunhas das tarefas que non sexan realizadas polo propio alumnado. Únicamente serán avaliadas e tidas en conta as tarefas propostas polo mestre, así mesmo, non se correxirán tarefas alleas ao centro. • As tarefas serán corrixidas de xeito dixital pola mestre. <p>Teráanse en conta aspectos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Grao de esforzo de cada alumno. • Situación familiar que pode estar influíndo na motivación e no esforzo dun alumno. • Necesidades educativas que poidan presentar os alumnos. • Interese por realizar ben os seus traballos. • Outras circunstancias: enfermidade longa, ...
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>En canto á valoración dentro de cada materia terase en conta:</p> <p style="text-align: center;">Materias de Lingua galega e española:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Producir textos escritos con caligrafía lexible, cunha estrutura ordenada e que cumpran coas regras ortográficas básicas: maiúsculas, punto, coma enumerativa e ortografía normativa do vocabulario básico.

	<ul style="list-style-type: none"> • Ser capaz de contestar a preguntas relacionadas co contido do texto lido (comprensión de textos escritos) • Resumir o contido de textos informativos ou narrativos sinxelos. • A correcta utilización da ortografía (verificable en ditados, textos escritos, redaccións...); a asimilación do léxico novo; e a comprensión e o razoamento gramatical. <p style="text-align: center;">Materia de Matemáticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manexar números de atapara resolver problemas de cinco cifras, entendendo o valor posicional das mesmas. • Realizar operación matemáticas básicas: suma, resta, multiplicación por unha cifra e división por unha cifra. • Ter asumida una estratexia de cálculo para resolver problemas que impliquen dúas operación para a súa resolución e expresando o resultado de forma clara e lexible. • Utilizar o cálculo mental para resolver problemas sinxelos que impliquen o manexo de decenas enteiras. • Ser quen de ler a hora no reloxo analóxico. <p style="text-align: center;">Nas materias de Ciencias Sociais e Naturais:</p> <p>Clasificar animais vertebrados e invertebrados. Recoñece as características das plantas. Coñecer as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica.; distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona, así como coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte.</p> <p>Valorarase a asimilación de contidos, tarefas e outros traballos realizados na casa, presentación e caligrafía do caderno e fichas e uso das TIC.</p>
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	Actividades de introdución ou motivación (para indagar os coñecementos previos) Actividades de desenvolvemento. Actividades de consolidación. Actividades de reforzo e ampliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos coñecementos:

	<p>Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.</p> <p>Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos. Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).</p> <p>Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoos e transferíndoos a outras situacións ou contidos diferentes.</p> <p>Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Os libros de texto:</p> <p>Lengua 3º Editorial Anaya</p> <p>Lingua 3º Editorial Anaya</p> <p>Matemáticas 3º Editorial Anaya</p> <p>Ciencias Naturais e Sociais 3º Ed Vicens Vives</p> <p>Ademais empregaremos outros recursos materiais como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fichas de reforzo de cada materia. - Fichas de ampliación de cada materia. <p>Material Dixital: Tutorías, Páxinas web, Procesadores de texto, Ebooks, Blogs, <i>Google sites</i>.</p>